

VERÁN DE ESTRELAS

DE XUÑO A
SETEMBRO DE 2025

TEATRO

DANZA

MÚSICA

CINEMA

CIRCO

MAXIA

EXPOSICIÓNS

LITERATURA



Arteixo / Cultura



TEATRO

Venres, **27 DE XUÑO** ás 20:00h
Museo do Mar de Sorrizo

COSTA DA MORTE, CARTOGRAFÍA DUN NAUFRAXIO de Mariña Lestón

- Público adolescente e adulto
- Duración: 60 minutos
- Con invitación

Unha viaxe sobre a historia do noso mar a través de relatos reais e cantigas populares interpretadas en directo. Historias sobre naufraxios na Costa da Morte para lembrar ás persoas que xa non están e para poñer en valor e visibilizar ás que quedaron en terra: as viúvas, as orfas, ás que socorreron...

Autoría, dirección e interpretación: Mariña Lestón



PRESENTACIÓN DE LIBRO

Venres **27 DE XUÑO** ás 20:00h
Capela do Balneario

LA RUTA DE EULOGIO de Sandra Aldao

- Público adulto
- Duración: 60 minutos
- Con invitación

Trátase dunha investigación ensaística dun crime real acontecido fai 110 anos no Concello de A Laracha a un caldeireiro de Miranda de Avilés do que só era testigo un cruceiro e que agora revive con novas aportacións.

Organiza a autora do libro coa colaboración do SM de Cultura.

TEATRO

Sábado **28 DE XUÑO** ás 20:00h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía

CAMPANAS DE BASTABALES de Imaxina-T

- Público: +12 anos
- Duración: 60 minutos
- Con invitación

Padrón, Casa de Rosalía de Castro, 1885. A grande poetisa acaba de morrer, pero a súa presenza está aínda na casa. A súa filla Alessandra, maila criada de toda a vida, Silvina, teñen que recoller as súas pertenzas e queimar todos os seus escritos, tal e como lles pediu a finada, pero Alessandra atópase co diario de Rosalía e con cartas que descubren certos segredos longamente gardados.

Dirección: Luís González Ramos

Elenco: Xoana Rodríguez, Fernanda M. Sixto, Nerea Acebo e María S.G. "La Tata"



TEATRO

Venres **4 DE XULLO** ás 18:30h
Capela do Balneario

INVERNO NA LAVANDERÍA de Kpaparota Teatro

- Público familiar (+3 anos)
- Duración: 40 minutos
- Con invitación

O frío do inverno chegou a pequena lavandería da cidade onde unha nena inicia un xogo máxico. Ao meter o seu abrigo na lavadora pero cando a porta se abre non atopa ruído nin rutina senón unha morea de de obxectos misteriosos que convidan a xogar e imaxinar.

Clown, títeres de man e manipulación de obxectos nun espectáculo para xogar e imaxinar.

Dirección: Carlos Clemente

Elenco: Patricia Cameán



TEATRO

Sábado **5 DE XULLO** ás 20:00h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía

GALA DE ENTREGA DE PREMIOS AMARTE 2025

Actuación do grupo convidado de teatro **Pasapadentro** coa obra **Yo soy Ophelia**

- **Público adulto (+12 anos)**
- **Duración: 60 minutos**
- **Con invitación**

O pasado e presente danse da man para desentrañar o personaxe de Ophelia dende unha visión feminina, reivindicativa e empoderante que se irá baleirando internamente para elevar a súa mirada cara as novas posibilidades de vida.

Autoría: Queta Soto

Dirección: Marga Fernández

Elenco: Antía Fernández, Ofelia Rodríguez, Azucena Souto, Chus López e Yvonne Rothembüler

TEATRO

Venres **11 DE XULLO** ás 18:30h
Capela do Balneario

MECO E SONO de Xarope Tulú

- **Público infantil (0-6 anos)**
- **Duración: 35 minutos**
- **Con invitación**

Espectáculo de teatro de bonecos e creación sonora en directo para a primeira infancia cunha fermosa escenografía adaptable a todo tipo de espazos, onde poderán escoitar e aprender cancións de arrollo en galego.

Creación e dirección: Atenea García e Xiana Arias

Dramaturxia: Xiana Arias

Elenco: Atenea García e Xiana Arias



MONÓLOGO

Venres **11 DE XULLO** ás 20:30h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía

ENREDADA de Leti da Taberna

- **Público xuvenil e adulto (+12 anos)**
- **Duración: 60 minutos**
- **Con invitación**

Leti da Taberna trae o seu primeiro monólogo no que explora en ton irónico a nosa relación coas redes sociais e como nos inflúen. En galego e con perspectiva feminista, *Enredada* enche o escenario de luz e enerxía, provocando que o público se vexa identificado coas situacións que se presentan e acabe ríndose de si mesmo.

Organiza: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia coa colaboración do SM de Cultura.



TEATRO

Venres **18 DE XULLO** ás 18:30h
Capela do Balneario

A FILLA DO CACHARULO de Títeres Babaluva

- **Público familiar (a partir de 3 anos)**
- **Duración: 50 minutos**
- **Con invitación**

Tres historias especiais representadas con marionetas que nos farán viaxar polo mundo mariño: O peixe luminoso, A raposa e O cangrexo e quen todo quere todo perde. Ademais contará con música en directo con cancións populares galegas como "O Rodaballo" ou música clásica como "A troita" de Schubert e a enerxía vibrante do Jazz de "I got Rhythm".

Dirección e interpretación: Mirari Urruzola

Música: Merran Laginestra

MÚSICA

Mércores **23 DE XULLO** ás 22:30h
Campo da festa

SEREMOS INMORTAIS de Cinema

- **Todos os públicos**
- **Duración: 180 minutos**

A Orquestra Cinema presenta a súa xira **"Seremos Inmortais"** con música e voces en directo na que non faltarán os grandes éxitos musicais totalmente de actualidade, dirixido a un público principalmente xove, pero sen olvidar temas icónicos de pop e rock coñecidos por todas as xeracións.





DANZA CONTEMPORÁNEA

Venres **25 DE XULLO** ás 18:00h
Anfiteatro

THE EXPOSURE de Tanit Cobas

- Todos os públicos
- Duración: 15 minutos

The Exposure é unha oda contemporánea á honestidade na que se mostra o mundo interior das bailarinas.

Que pensan mentras bailan? Estarán fartas de repetir unha e outra vez os mesmos pasos? Son seres reais ou non?

Autoría e dirección: Tanit Cobas

Elenco: Tanit Cobas e Pablo Navarro

MÚSICA

Venres **25 DE XULLO** ás 13:00h
Igrexa Santiago de Arteixo

CANTO CORAL da Coral Polifónica de Mera

- Todos os públicos
- Duración: 60 minutos

Acompañando a misa na honra do Santiago Apóstolo o Día Grande de Galicia.



MÚSICA

Venres **25 DE XULLO** ás 20:30h
Anfiteatro

7º FESTIVAL DE HABANERAS DE ARTEIXO

- Todos os públicos
- Duración: 60 minutos
- Con invitación



Organiza: Orfeón de Arteixo coa colaboración do SM de Cultura

INICIACIÓN Á MAXIA

Venres **1 DE AGOSTO** ás 19:00h
Capela do Balneario

MAKER MAXIA de Magos Maker

- Público infantil (ata 16 anos)
- Duración: 120 minutos (30 minutos por grupo)
- Con inscrición previa

Os participantes mergullaranse no apaixoante universo das ilusións, aprendendo non só a realizar xogos de maxia, senón tamén a deseñar e construír os seus propios trucos, empregando materiais simples e técnicas inspiradas na filosofía maker.

Para participar deberán inscribirse no **Servizo Municipal de Cultura** dende o 1 ata o 18 de xullo.



ESPECTÁCULO DE RÚA

Venres **8 DE AGOSTO** ás 19:00h
Anfiteatro

C'EST PAS POSSIBLE de Sempre arriba

- Todos os públicos
- Duración: 50 minutos

Un espectáculo en linguaxe clown con acrobacia aérea que convida ao público a empaparse das emocións que esta personaxe vive na escena a través dunha proposta sinxela e cotiá, que combinan o humor coa tenrura e a complicidade do público.

Dirección: Mamen Olías e Jaime Navarro

Elenco: Marta Iglesias



CINEMA

Mércores **13 DE AGOSTO** ás 22:30h
Praza do Igrexario de
Pastoriza

CAMPEONEX

- Todos os públicos
- Duración: 125 minutos

O equipo de campións abandona o baloncesto para adentrarse por erro no fascinante mundo do atletismo da man dunha adestradora novata. Entre as duras esixencias da nova disciplina e a sorprendente capacidade da adestradora para atraer todo tipo de desgrazas e calamidades, todo acabará saíndo ao revés.

Dirección: Javier Fesser

Reperto: Sergio Olmos, Gloria Ramos, José de Luna, Fran Fuentes, Elisa Hipólito, Brianeitor, Juan Margallo, Jesús Vidal



AUTOCINE

Venres **22 DE AGOSTO** ás 22:30h
Parking Campo de Fútbol
Arteixo

+ CUÑADOS

- Recomendado a partir de 12 anos
- Duración: 90 minutos

O Entroido chegou, e a familia Ribeiro prepárase para gozar das festas favoritas de todo bo ourensán. A aparición en Ourense da parella dun antigo socio en busca de vinganza, complicará as cousas para os cuñados, meténdoos nun novo enredo que acabará cun cadáver no medio da ponte internacional de Tui e que converterá este Entroido nun auténtico baile de máscaras.

Dirección: Luis Avilés Baquero

Reperto: Miguel de Lira, Federico Pérez Rey, Xosé A. Touriñán, María Vázquez, Eva Fernández, Iolanda Muíños, Manuel Cortés, Mela Casal



TEATRO / MÚSICA

Venres **29 DE AGOSTO** ás 19:00h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía

CANTAXOGA de Migallas Teatro

- Público infantil e familiar
- Duración: 60 minutos
- Con entrada (3 e 2,25 euros)

"Cantaxoga" é un espectáculo de teatro e música onde María Campos e Carlos Yus interpretan cancións dos discos "**Canta connosco!**" e "**Pan de millo**" acompañados por unha banda de pulgas (a música e os coros están gravados pero as voces solistas son ao vivo) e realizan sktechs cómicos relacionados cos contidos das cancións.

Elenco: María Campos e Carlos Yus

Música: Carlos Yus, María Campos, Paco Dicenta e Paulo Nogueira

MÚSICA

Venres **5 DE SETEMBRO** ás 20:00h
Capela do Balneario

CARTAS QUEMADAS de Luga

- Todos os públicos
- Duración: 90 minutos
- Con invitación

Luga presenta o seu discolibro desgranando cada tema cunha voz persoal, letras e ritmos que envolven ao público, creando un ambiente distendido e mantendo o interese en todo momento sen abandonar a súa esencia de cantautor.



DANZACONTOS

Venres **12 DE SETEMBRO** ás 18:30h
Capela do Balneario

VIAXANDO CON ANDURIÑAS: RITMOS NA SELVA

de **Laura Martínez Rey**

- Público: de 1 a 8 anos
- Duración: 50 minutos
- Con invitación

Dúas anduriñas aventureiras deciden explorar o mundo e ir máis alá na súa vida migratoria cara o sur. Tras cruzar unha forte tormenta, acaban na selva, onde son coidadoras e acollidas por unha manada de macacos. Unha historia que nos convida a viaxar dende terras galegas ata a Selva do Congo.



TEATRO / COMEDIA

Venres **19 DE SETEMBRO** ás 20:30h
Auditorio do CCC de Arteixo
Manuel Murguía

ERAN ELAS!

de **Avelino González**

- Público adulto
- Duración: 60 minutos
- Con entrada (3 e 2,25 euros)

A fregona é unha metáfora de quitar o que se ve para mirar o que se agocha.

Van historias que son verdades que parecen mentira e outras son de mentira pero parecen de verdade. Historias peneiradas polo humor, como homenaxe a unha muller que me contou que ela na súa vida só tomara unha decisión importante:

“Non deixar nunca de tentar ser feliz”.



EXPOSICIÓNS

Sala de exposicións do CCC
de Arteixo Manuel Murguía

DO 7 AO 30 DE XULLO

EL DESPILFARRO ALIMENTARIO

de **Manos Unidas**

A través desta exposición Manos Unidas busca sensibilizar ás persoas da importancia do despilfarro alimentario e a súa repercusión no planeta dando a coñecer as súas causas, consecuencias e como actuar para cambiar esta realidade.

A exposición conta cunha guía didáctica como documento de apoio para o profesorado.



DO 5 AO 29 DE AGOSTO

MÍSTICA ARTE-XOIA

de **Beatriz Yébenes – Xoiatrix**

Pezas realizadas en cobre, prata, pedras semipreciosas, pátinas, tecidos naturais, papel, cristais, pigmentos, barnices e lacados que transmiten historia, mitos, lendas e creencias que quedaron olvidadas no tempo.


**DO 12 DE SETEMBRO
AO 3 DE OUTUBRO**

MIRADAS INTERIORES

de **Novais**

Unha exposición que xorde do seu interior, facéndoa realidade nos seus lenzos, onde expresa as súas emocións, sonhos e ideas a través das súas obras.

A autora ten un amplo percorrido artístico con múltiples e variadas exposicións dende hai anos en distintos centros.



A CONCELLARÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE ARTEIXO LEMBRALLES QUE:

- Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.
- Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.
- Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
- **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
- Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
- Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendamos as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
- **En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos**, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
- Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan.
- En caso de climatoloxía adversa, algunha das actividades programadas para o Anfiteatro, poderá ser trasladada para o Auditorio do CCC de Arteixo Manuel Murguía.
- Os espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada ou á recollida de invitación**. Non poderá acceder ao recinto ningún sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

ENTRADAS/INVITACIÓNS VENDA DE ENTRADAS:

Online (<https://eventosarteixo.com>)
ou o día da función 2 h antes do seu comezo no **local de exhibición** até completar a súa capacidade. O nº máximo de entradas limitárase a 5 por persoa.

O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34 do Concello de Arteixo).



DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

Online (<https://eventosarteixo.com/>)
ou 1 h antes da función no **local de exhibición** até completar a súa capacidade. O nº de invitacións limitárase a 5 por persoa.

+INFO:

SM de Cultura / Centro Cívico
Cultural de Arteixo Manuel
Murguía, R/ Alcalde Baldomero
González, s/n, 15142, Arteixo

981 659 100 / cultura@arteixo.org
www.arteixeiro.org



eventosarteixo.com



Programa en PDF
(arteixo.org)

ORGANIZA

Arteixo / Cultura

COLABORA



Deputación
DA CORUÑA



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO

ORFÉON
DE ARTEIXO

